



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada A revisión dos actos e disposicións nulas de pleno dereito e a declaración de lesividade

CONVOCATORIA: Xornada A revisión dos actos e disposicións nulas de pleno dereito e a declaración de lesividade

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	7
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1
DATA MATRÍCULA: Do 29/01/2019 - 08:00h ao 30/01/2019 - 23:55h					

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A cuestión relativa á revisión de oficio dos actos administrativos e demais institucións xurídicas relacionadas, como a declaración de lesividade, a revogación, ou os límites á revisión de oficio constitúen temas clásicos en dereito administrativo, pero que se atopan en permanente actualidade pola súa crecente utilización debido a factores como a adopción de novos criterios xurídicos de valoración ou a perentoriedade dos prazos procesuais e a maior sensibilidade da cidadanía na procura de xustiza na correcta aplicación da lei.

Cun importante compoñente práctico, a xornada abordará os procedementos regulados nos artigos 106 e 107 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, mediante a realización dun estudo da doutrina do órgano consultivo autonómico sobre estes procedementos nos anos comprendidos entre 2005 e a actualidade.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto de xustiza como autonómica e local, dos entes instrumentais da comunidade autónoma e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

Entre outros temas analizarase especialmente a doutrina do Consello Consultivo de Galicia ao redor dos seguintes aspectos:

- Obxecto do procedemento.
- Os motivos de nulidade de pleno dereito.
- Competencia para revisar e declarar a lesividade.
- A lexitimación.
- O procedemento: inicio, admisión, instrución, resolución e efectos (caducidade).
- O procedemento de declaración de lesividade.
- A responsabilidade patrimonial derivada da anulación.
- Límites á revisión.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Todas as persoas solicitantes deberán enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, achegando a certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no punto 3 da convocatoria. Serán excluídas aquelas solicitudes que non acompañen a citada certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 30 de xaneiro de 2019.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 06/02/2019 a 06/02/2019

NUM. PRAZAS: 70

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Joaquin Meseguer Yebra

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 5: O día 06 de febreiro de 10:00 a 14:00. O día 06 de febreiro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA